



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Xullo 2016

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2016


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Xullo 2016

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un aumento do 5,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 1,3%.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 5,5% e os Outros servizos o 4,1%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,5% e en España un 2,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de xullo agás Cataluña e Castilla y León. Galicia é a terceira comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación.

Indicador de actividade do sector servizos. Xullo 2016

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos seus compoñentes en %




	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	114,0	5,1	8,5
Venta e reparación de vehículos de motor	98,2	-11,9	7,6
Comercio por xunto	123,0	10,0	14,8
Comercio ao retallo	103,4	1,2	1,7
Transporte	114,4	-0,5	1,7
Hostalería	122,2	15,9	7,2
Información e comunicacións	86,9	2,2	5,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,3	-4,8	-3,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	142,9	14,6	11,0

1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un crecemento do 5,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,7 puntos menos que no mes de xuño. O índice para España amosa un aumento do 1,3% respecto ao mes de xullo de 2015, 3,6 puntos inferior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese ao *Comercio*, que aumenta o 5,5% e achega 4,0 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 4,1% e achegan 1,1 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 0,6%, 4,9 puntos menos que a taxa galega; os *Outros servizos* aumentan o 2,4%, 1,7 puntos menos que en Galicia.

O incremento da facturación no *Comercio* en Galicia ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 10,0% e achega 4,5 puntos á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un descenso da súa cifra de negocios do 0,2%. En senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos* rexistra un descenso do 11,9% en Galicia fronte ao incremento do 4,7% en España.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 4,1%. A *Hostalería*, cun crecemento do 15,9%, e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (14,6%) son as que máis repercuten no crecemento do índice xeral, oito e cinco décimas respectivamente. En senso contrario, o *Transporte* e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a súa facturación, -0,5% e -4,8% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 2,4%. A *Hostalería*, cun aumento do 7,9%, é o sector que máis repercute no índice xeral, seis décimas. En senso contrario, o *Transporte* diminúe a súa facturación un 0,3%.

No que vai de ano, a cifra de negocios aumenta un 8,5% en Galicia, grazas principalmente ao *Comercio por xunto*, que cun aumento do 14,8% achega 6,9 puntos á taxa de variación acumulada. Soamente as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a súa cifra de negocios, -3,5%.

En España, nos sete primeiros meses do ano, a cifra de negocios aumenta o 3,8%, 4,7 puntos menos que en Galicia. Todos os sectores amosan taxas de variación acumuladas positivas; a *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio por xunto* son os sectores que mais repercuten neste crecemento.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 6,2% no mes de xullo. Este incremento débese principalmente á *Hostalería*, que cun crecemento do 15,8%, achega 3,8 puntos á taxa de variación do índice xeral e ao *Comercio* que aumenta o 5,6% e achega 2,1 puntos á taxa de variación do índice xeral. Todos os sectores de actividade incrementan a súa cifra de negocios no mes de xullo agás as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, que diminúen un 5,9%.


Nos sete primeiros meses do ano, o índice xeral creceu un 6,2%, sendo o *Comercio*, cun incremento do 9,5% o que máis repercute neste crecemento, 4,0 puntos. Pola contra, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen o 3,4% e restan 0,4 puntos á taxa xeral.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 9,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 9,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xullo en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios agás Cataluña (-0,5%) e Castilla y León (-0,1%). Os maiores aumentos danse en Illes Balears (6,6%), La Rioja (5,2%) e Galicia (5,1%).

No acumulado do ano, Galicia (8,5%) e Illes Balears (8,4%) son as comunidades con maiores incrementos. Os menores crecementos rexístranse en Castilla y León (1,0%) e Asturias (1,2%).

Índices de cifra de negocios. Xullo 2016


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,5% respecto ao mes de xullo de 2015, 0,2 puntos máis que en España (2,3%).



O persoal ocupado aumenta un 2,4% no *Comercio* e un 2,6% nos *Outros servizos*. A *Hostalería*, cun incremento do 4,9%, e o *Comercio por xunto* (5,5%) achegan sete décimas cada un á taxa de variación do índice xeral. As *Actividades profesionais, científicas e técnicas* son o único sector onde diminúe a ocupación, -1,6%.

En España, as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,0%) e a *Hostalería* (3,3%) son as que máis repercuten no crecemento do emprego, seis décimas cada unha.

No acumulado do ano, o emprego crece en Galicia o 2,0% fronte ao 2,3% en España. Todos os sectores incrementan a ocupación nos sete primeiros meses do ano agás a *Venta e reparación de vehículos de motor* (-0,1%). As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son o sector con maior crecemento tanto en Galicia (5,0%) como en España (3,8%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de xullo. Os maiores incrementos danse en Navarra (3,6%) e Illes Balears (3,5%).

Asturias (0,8%) e Castilla y León (0,9%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

No conxunto do ano, Illes Balears (3,6%) e Navarra (3,4%) son as comunidades con maior incremento do emprego, mentres que Asturias (0,9%) e Andalucía (1,6%) rexistran os menores crecementos.

Índices de persoal ocupado. Xullo 2016

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xullo 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	114,0	5,1	8,5
Comercio	114,4	5,5	10,2
Venta e reparación de vehículos de motor	98,2	-11,9	7,6
Comercio por xunto	123,0	10,0	14,8
Comercio ao retallo	103,4	1,2	1,7
Outros servizos	110,5	4,1	3,6
Transporte	114,4	-0,5	1,7
Hostalería	122,2	15,9	7,2
Información e comunicacións	86,9	2,2	5,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,3	-4,8	-3,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	142,9	14,6	11,0
España			
Xeral	109,7	1,3	3,8
Comercio	107,1	0,6	3,3
Venta e reparación de vehículos de motor	113,7	4,7	11,4
Comercio por xunto	107,5	-0,2	2,6
Comercio ao retallo	103,7	0,7	1,8
Outros servizos	114,3	2,4	4,8
Transporte	117,9	-0,3	1,6
Hostalería	139,2	7,9	7,3
Información e comunicacións	93,8	0,7	4,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,9	3,0	7,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	130,5	2,3	6,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xullo 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	113,4	6,2	6,2
Comercio	109,3	5,6	9,5
Transporte	117,4	0,1	2,7
Hostalería	124,0	15,8	7,2
Información e comunicacións	85,0	2,8	5,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	110,6	-5,9	-3,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	124,7	11,1	8,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xullo 2016**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	109,7	1,3	3,8
Andalucía	105,1	1,0	3,1
Aragón	113,3	1,0	2,3
Asturias	99,6	0,2	1,2
Balears, Illes	174,7	6,6	8,4
Canarias	118,4	4,8	5,1
Cantabria	109,9	2,3	5,1
Castilla y León	105,8	-0,1	1,0
Castilla-La Mancha	102,9	2,2	2,6
Cataluña	114,5	-0,5	3,0
Comunitat Valenciana	113,5	2,0	4,7
Extremadura	109,5	4,3	4,1
GALICIA	114,0	5,1	8,5
Madrid	101,6	0,7	3,6
Murcia	113,8	0,3	4,6
Navarra	101,2	0,9	3,4
País Vasco	105,6	0,4	4,3
Rioja, La	124,4	5,2	6,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xullo 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	99,1	2,5	2,0
Comercio	95,4	2,4	1,6
Venta e reparación de vehículos de motor	84,8	0,0	-0,1
Comercio por xunto	92,0	5,5	3,4
Comercio ao retalho	99,5	1,2	1,0
Outros servizos	102,3	2,6	2,3
Transporte	98,4	1,6	0,7
Hostalería	100,9	4,5	2,9
Información e comunicacións	87,5	1,9	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	100,5	-1,6	0,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,0	5,1	5,0
España			
Xeral	101,9	2,3	2,3
Comercio	99,2	2,0	2,1
Venta e reparación de vehículos de motor	91,7	2,1	2,2
Comercio por xunto	100,2	2,4	2,8
Comercio ao retalho	99,9	1,7	1,6
Outros servizos	103,8	2,6	2,5
Transporte	99,1	1,5	1,8
Hostalería	109,0	3,3	2,9
Información e comunicacións	97,3	1,1	1,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,6	1,6	1,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,9	4,0	3,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xullo 2016**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	101,9	2,3	2,3
Andalucía	99,6	1,3	1,6
Aragón	99,6	3,4	3,3
Asturias	94,8	0,8	0,9
Baleares, Illes	128,8	3,5	3,6
Canarias	102,7	2,9	3,1
Cantabria	104,9	3,4	2,3
Castilla y León	97,0	0,9	1,7
Castilla-La Mancha	100,5	1,6	1,9
Cataluña	106,9	3,3	3,3
Comunitat Valenciana	99,8	2,8	2,3
Extremadura	104,0	1,3	1,9
GALICIA	99,1	2,5	2,0
Madrid	98,4	2,0	1,8
Murcia	106,2	3,2	2,7
Navarra	105,5	3,6	3,4
País Vasco	102,7	2,1	2,2
Rioja, La	105,1	3,0	3,0

Fonte: INE